



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE

Anuncio

CONCESIÓN PROVISIONAL DOS PREMIOS DA CONVOCATORIA DO VIII CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “O PATRIMONIO ETNOGRÁFICO MATERIAL DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES” ANO 2025

Para os efectos oportunos, en relación á Convocatoria do VIII Concurso de Fotografía “O patrimonio etnográfico material das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses” Ano 2025, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o 11 de abril de 2025, acordou:

Primeiro. Aprobar a concesión provisional dos tres premios do VIII Concurso de Fotografía “O patrimonio etnográfico material das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses” no ano 2025:

- 1º Premio, dotado con 800,00 €, á fotografía “Arb(h)ó(r)reo: Raíces dos Ancares” de Javier Cabana Soengas con NIF ***8029**.
- 2º Premio, dotado con 500,00 €, á fotografía “Crepúsculo no río Neira” de Ana María Taboada García con NIF ***7175**.
- 3ª Premio, dotado con 300,00 €, á fotografía “Pota e forno de leña, tradición e patrimonio dos nosos fogares” de Iago Manoel Souto Lorenzo con NIF ***2953**.

Segundo a listaxe que se anexa que especifica os criterios de valoración empregados na avaliación, así como a desestimación do resto de solicitudes, de acordo cos criterios reflectidos na base 8ª da convocatoria, segundo a especificación que consta na acta da Comisión de Avaliación.

Segundo. O presente acordo de concesión de carácter provisional terá carácter definitivo no caso de finalizar o trámite de audiencia sen que se formulen alegacións e procederase á publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.gal do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Terceiro. Notificar o presente acordo de concesión provisional aos interesados de acordo co previsto na base novena da convocatoria, concedéndolles un prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación do citado acordo de concesión provisional no BOP, para presentar alegacións.

FOTO	TITULO FOTOGRAFÍA	NOME E APELIDOS	DNI	COMPOSICIÓN (3)	ORIXINALIDADE (4)	CALIDADE ESTÉTICA (3)	TOTAL	CAUSAS EXCLUSION SEGUNDO AS BASES
1	A sombra que acubilla ben	Serafín Rodríguez Trashorras	***2062**	3	2	3	8	
2	Palloza e hórreo de casa de Baixo de Degrada	Noelia Rodríguez Pardo	***7939**	1	2	2	5	
3	Non entendo	José Antonio Muñiz Besteiro	***0377**				EXCLUIDA	Incumprimento base 2ª.B “Requisitos das fotografías presentadas”: a temática non se corresponde coa da convocatoria
4	A ponte	Óscar Abelleira Ferreirós	***3914**	2,5	1	3	6,5	

5	Sete muíños	José María Mariño Rodríguez	***5057**	1,5	2	1	4,5	
6	Sorriso	Luis Engroba Canto	***5730**				EXCLUIDA	Incumprimento base 2ª.B "Requisitos das fotografías presentadas": a temática non se corresponde coa da convocatoria
7	Arb(h)ó(r)reo: Raíces dos Ancares	Javier Cabana Soengas	***8029**	3	4	3	10	
8	Carril: Repouso e Horizonte	Lola López Pérez	***0308**	2	3,5	3	8,5	
9	Os Ancares: "Onde a natureza abraza a tradición"	José Luis Rodríguez Fernández	***6139**	1	1,5	2	4,5	
10	Cumes de natureza e historia	Lucía Gómez Álvarez	***6720**	1	2,5	2	EXCLUIDA	Incumprimento base 2ª.B "Requisitos das fotografías presentadas": a localización non se corresponde co territorio das Reservas da Biosfera Terras do Miño ou Os Ancares Lucenses
11	Fusión	Chabeliz René Quintero Valls	***5724**	2	1	2	5	
12	Muíño da Fervenza	Mª Cristina Vázquez Pita	***4925**	3	1,5	3	7,5	
13	Pota e forno de leña, tradición e patrimonio dos nosos fogares	Iago Manoel Souto Lorenzo	***2953**	3	4	2	9	
14	Os hórreos, gardiáns da nosa colleita e tradición	Ana Gómez Ferreira	***2990**	1	1	3	5	
15	Piornedo	Mónica Vila Ferreirós	***6569**	2,5	2	2	6,5	
16	Muíño da Fervenza	Gaspar González Somoza	***6064**	3	2	1	6	
17	Muíño de Férvedes	Felipe Rouco Llompert	***5660**	1	2	1	4	
18	A pegada pescadora dos nosos devanceiros no río Miño, que perdura ao longo do paso do tempo	Alberto Salgado Sanfiz	***6054**	1,5	2	1	4,5	
19	O Muíño da Fervenza: Memorias de Auga e Pedra	Sergio Salgado Sanfiz	***6054**	2	1	1,5	4,5	

20	Reflexos na quietude do Miño: o caneiro, a pedra e a auga en harmonía	Clara Fernández Sande	***3828**	1,5	2	2	5,5	
21	Eco de pedra e auga: memoria ancestral no leite do Miño	Alberto Julio Salgado Díaz	***2219**	1	1	1	3	
22	Pedras con memoria: ecos do tempo nun muíño á beira do Miño	María Josefa Sanfiz Romay	***4968**	2	2	1	5	
23	Piornedo	Rodrigo Díaz López	***2343**	2	1	3	6	
24	O carballo fonte de vida e da enraización	Julia Barreira Zorrilla	***0235**				EXCLUIDA	Incumprimento base 2ª.B "Requisitos das fotografías presentadas": a temática non se corresponde coa da convocatoria
25	Crepúsculo no río Neira	Ana María Taboada García	***7175**	3	3,5	3	9,5	
26	Rostro de pedra, alma de fonte	Miguel Anxo Martínez Neira	***2563**	1	1,5	1	3,5	
27	A cedeira: gardiá da biosfera	Rafael Caña Amador	***5999**				EXCLUIDA	Incumprimento base 2ª.B "Requisitos das fotografías presentadas": a temática non se corresponde coa da convocatoria e a localización non se corresponde co territorio das Reservas da Biosfera Terras do Miño ou Os Ancares Lucenses
28	Recunchos	Carmen Blanco Purriños	***7514**	2	2	1	5	
29	A alma da auga: memoria dun lavadoiro en ruínas	Paula Arias Abella	***4696**				EXCLUIDA	Incumprimento base 2ª.B "Requisitos das fotografías presentadas": a temática non se corresponde coa da convocatoria
30	Vedado de pesca	Isaac Alejandro Fernández Hevia	***3539**				EXCLUIDA	Incumprimento base 2ª.B "Requisitos das fotografías presentadas": a temática non se corresponde coa da convocatoria
31	Memoria dun pobo: pedra, madeira e palla	José Luis Bermudez Salinas	***5114**	2	2	3	7	

32	As cores da natureza	Maitane Fernández Núñez	***5623**	2	1	3	6	
33	Feitizo	Iván Díaz Quiroga	***5098**	2	2	1	5	

De acordo co punto 9 ACORDO DE CONCESIÓN E NOTIFICACIÓN das bases da convocatoria, respecto ao acordo de concesión provisional:

“Ao abeiro do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o acordo de concesión provisional do procedemento non será obxecto de notificación individualizada senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP, concedendo un prazo de dez (10) días hábiles, a contar a partir do día seguinte ao da publicación no BOP, para a presentación de alegacións.

Así mesmo, o citado acordo publicarase na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org.

2. Finalizado, no seu caso, o trámite de audiencia sen formularse alegacións, o acordo de concesión provisional terá carácter definitivo e procederase á publicación no BOP de Lugo e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.”

O que se notifica aos efectos oportunos, de acordo coas previsións das bases e o disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), facendo saber que contra esta resolución, por tratarse dun acto de trámite, non caberá recurso ningún en virtude do establecido no artigo 112 da LPACAP, sen prexuízo de que realicen cantas alegacións estimen pertinentes en favor dos seus dereitos e intereses lexítimos.

Lugo, 14 de abril de 2025.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 04-07-2023, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO XERAL, P.S. a Secretaria-Interventora do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos, Montserrat Conde López.

R. 1047

CONCELLOS CARBALLEDO

Anuncio

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 10 de abril de 2025 aprobóuse o padrón fiscal do servizo de abastecemento, saneamento e depuración de augas do Concello de Carballedo correspondente ó primeiro trimestre do exercicio 2025.

O importe total do padrón ascende a DEZASETE MIL OITENTA E SEIS EUROS E DEZ CÉNTIMOS (17.086,10€), sendo o período voluntario de cobro **desde día 28 de abril de 2025 ao 28 de xuño de 2025** ámbolos dous inclusive de conformidade co previsto nos arts.12 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 62.3 da Lei xeral tributaria.

O resume do padrón é o seguinte:

CONCEPTO: Taxa polo abastecemento e saneamento de augas.

PERÍODO. 1º trimestre 2025

NÚMERO DE PÁXINAS: 23

NÚMERO DE RECIBOS: 633

PRIMEIRO SUXETO PASIVO: LÓPEZ NAVAL, HERMINIO

ULTIMO SUXEITO PASIVO: COUSO GONZÁLEZ, JOSÉ

IMPORTE TOTAL: Auga 13.574,60€; IVE: 1.357,46€; Canon Xunta Cota fixa: 1.278,21€; Canon Xunta Cota Variable: 875,83€. Total importe padrón: 17.086,10€

Procédese á exposición pública de dito Padrón durante o prazo de quince días a partir da publicación do anuncio de cobro no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal dito padrón estará á disposición dos interesados no concello para que poidan examinalo e presentar cantas reclamacións estimen oportunas.

Contra o acto de aprobación do Padrón poderá interporse recurso de reposición ante o Alcalde-Presidente no prazo dun mes a contar dende o seguinte ó da finalización do período de exposición pública do Padrón, de conformidade ó previsto no art. 14.2 do Real DecretoLexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Carballedo, 14 de abril de 2025.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 1032

FRIOL

Anuncio

OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2024

BASES QUE HAN DE REXER A CONVOCATORIA E PROCESO DE SELECCIÓN DO POSTO OFICIAL DE PRIMEIRA DE OBRAS E SERVIZOS MÚLTIPLES

1.- Obxecto da convocatoria e descrición do posto. É obxecto das presentes bases a provisión do posto oficial de primeira de obras e servizos múltiples, incluído na Oferta Pública de Emprego correspondente ao exercicio do ano 2024, aprobada por resolución de Alcaldía do 30 d decembro de 2024, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 2, do 4 de xaneiro de 2025, así como no Diario Oficial de Galicia núm. 17 do 27 de xaneiro de 2025 A descrición do posto é a seguinte:

DENOMINACIÓN	DOT	TITULACIÓN	CARACTERÍSTICAS
OFICIAL 1ª DE OBRAS E SERVICIOS MÚLTIPLES	1	GRADUADO ESCOLAR, E.S.O. OU EQUIVALENTE	VACANTE-PROMOCIÓN INTERNA

A convocatoria e as bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do concello, publicándose un extracto da convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

2.- Requisitos dos/as aspirantes Para formar parte nas probas de selección, será necesario reunir os requisitos establecidos no art. 56 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro:

- Ter a condición de persoal laboral fixo do Concello de Friol, e prestar servizos efectivos polo menos dous anos como persoal laboral fixo nos postos correspondentes.
- Deberán ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no art. 57 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro. As persoas que non teñan nacionalidade española deberán estar en posesión de permiso de traballo e residencia en España.
- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas, non padecendo enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das mesmas.
- Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- Estar en posesión do título de graduado escolar, graduado en educación secundaria ou equivalente, ou cumpridas as condicións para obtelo na data na que finalice o prazo de presentación de instancias. En todo caso, a equivalencia ou homologación de titulacións deberá ser achegada polo aspirante, mediante certificación expedida para o efecto, polo organismo oficial competente. En todo caso, deberá posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.
- Estar en posesión do carné de conducir clase B.
- Aquelas persoas que teñan discapacidade igual ou superior ao 33 por 100 deberán acreditalo e serán admitidos ás probas selectivas en igualdade de condicións que o resto dos aspirantes, sempre que as súas limitacións non sexan incompatibles co normal desempeño da as funcións ou tarefas correspondentes aos postos convocados.

3.-Forma e prazo de presentación de solicitudes:

As solicitudes para tomar parte nesta convocatoria deberán cumprimentarse no modelo de instancia, que se acompaña como anexo nas presentes bases. Na mesma manifestarán que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas e comprométense a presentar xuramento ou promesa.

As condicións deberán manterse ao longo do proceso selectivo, podendo ser requiridos as persoas interesadas en calquera momento para realizar as comprobacións oportunas. Os/as interesados/as responsabilízanse da veracidade dos documentos que presenten, podendo en calquera momento ser requirido a exhibición do documento orixinal ou copia auténtica.

Á instancia acompañaranse de:

- Copia do Documento Nacional de Identidade, Pasaporte en vigor ou documento equivalente para os/as aspirantes non nacionais.
- Copia do título esixido para participar nas probas, ou copia do xustificante de abono dos dereitos para a súa expedición. No caso de presentar copia da titulación equivalente, deberá especificarse a norma que acredite a equivalencia, e certificación expedida para o efecto, polo organismo oficial competente.
- Copia do carné de conducir.
- Relación de méritos do concurso, xunto coa documentación acreditativa correspondente: copia dos títulos de cursos onde consten o temario e número de horas, así como documentación xustificativa da experiencia. Soamente serán valorados os méritos alegados e xustificados xunto coa solicitude de participación
- No caso de discapacidade, certificación acreditativa do grado.

A persoa que resulte seleccionada para ocupar o posto, unha vez concluído o proceso selectivo, deberá presentar:

- Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade nin defectos físico que impida o desenvolvemento das funcións ou desempeño do posto de traballo.
- Declaración xurada de non atoparse separado/a do servizo das administracións públicas nin estar incurso en causa de incompatibilidade segundo o disposto no punto 2.e das presentes bases, así como na lexislación vixente.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia. Poderase presentar as solicitudes en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

4.- Admisión dos/as aspirantes:

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, resolución que se fará pública na sede electrónica do Concello de Friol.

Os/as aspirantes excluídos/as, así como quen non figuren na relación de admitidos/as nin na de excluídos/as, dispoñerán dun prazo de 3 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación da devandita resolución na sede electrónica do Concello, para formular alegacións.

Expirado o prazo de subsanación de erros e vistas as alegacións presentadas, no seu caso, a Alcaldía, nun prazo máximo de dez días hábiles, ditará nova resolución coa lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as que igualmente será obxecto de publicación na sede electrónica do Concello. Nesta mesma publicación, determinarase a composición do Tribunal Cualificador e farase constar o día a hora e o lugar en que haberá de realizarse a primeira das probas.

Fronte á resolución que faga pública a relación definitiva de aspirantes excluídos/as, poderá interpoñerse recurso de reposición no prazo dun mes, a partir do día seguinte da súa publicación na sede electrónica do Concello de Friol, ou recurso Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, a partir do día seguinte da devandita publicación.

5.- Tribunal Cualificador:

O Tribunal Cualificador estará composto por un presidente, tres vocais e un secretario. Deberá axustarse ao disposto nos art. 55.2 e 60 do Real Decreto legislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público. Os membros deberán posuír titulación igual ou superior á das prazas convocadas, respectándose, no posible o principio de especialización, así como o de paridade..

Os membros serán designados pola Alcaldía e publicarase na sede electrónica do Concello.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. O Tribunal queda facultado para resolver as

dúbdas que se presenten e adoptar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas presentes Bases, sempre que non se opoña ás mesmas.

6.- Sistema de selección e desenvolvemento do proceso:

O procedemento de selección dos/as aspirantes constará de dúas fases: oposición e concurso.

Fase de oposición: terá un máximo de 35 puntos e consistirá na realización de dous exercicios de carácter eliminatorio e obrigatorio para os aspirantes.

Os/as aspirantes serán convocados/as en chamamento único, sendo excluídos da oposición quen non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal, deberán acudir provistos do DNI ou, na súa falta, pasaporte ou carné de conducir.

Os exercicios da oposición serán os seguintes:

- **Primeiro exercicio:** Consistirá nun cuestionario tipo test de 25 preguntas, con tres respostas alternativas cada unha, sendo só una delas a correcta, en relación cos contidos do temario que figura nestas bases. Ademais, incluíranse un 10 por 100 adicional de preguntas de reserva que computarán pola súa orde se resultasen anuladas polo Tribunal algunha das preguntas iniciais. A duración desta proba será de 60 minutos. Cualificarase de 0 a 25 puntos, debendo obter 13 puntos para aprobar o exercicio. Cada pregunta contestada de forma correcta sumará 1 punto e cada resposta incorrecta restará 0,25 puntos.
- **Segundo exercicio:** Calificable de 0 a 10 puntos. Consistirá na realización dun suposto práctico, dirixido a apreciar a capacidade dos/as aspirantes para levar a cabo a aplicación práctica das materias específicas establecidas no programa. O tempo máximo de realización será de de 45 minutos, sendo necesario para superar o exercicio obter un mínimo de 5 puntos.

Proba de idioma galego.- Para dar cumprimento á normalización da lingua galega nas administracións públicas de Galicia e garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas administracións públicas da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, deberá estarse ao disposto no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, cuxo tenor literal é o seguinte "nas probas selectivas que se realicen para o acceso ós postos das administracións públicas incluídos no ámbito de aplicación desta lei incluírase un exame de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten coñecementos da lingua galega de acordo con a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos de selección establecerán o carácter e, no seu caso, a valoración do coñecemento da lingua galega" Á vista do exposto, establécese:

- Os aspirantes que contén con Celga 3 ou equivalente estarán exentos de realizar esta proba. Estes solicitantes terán a titulación adecuada.
- Se o/a aspirante non está exento da proba de galego, deberá realizar unha proba, que terá carácter eliminatorio, e consistirá nunha proba escrita ou oral a proposta do tribunal, nun tempo máximo de trinta minutos.

A proba cualificarase como apta ou non apta e publicarase mediante anuncio na sede electrónica do Concello de Friol. Os solicitantes terán un prazo de dous días hábiles para presentar as reclamacións que estimen oportunas fronte ás citadas cualificacións.

Fase concurso: Procederase á valoración dos méritos alegados e acreditados polos aspirantes no momento de presentación de instancias e que superasen a fase de oposición. A fase de concurso terá un máximo de 15 puntos. Non será de carácter eliminatorio nin determinará, en ningún caso, por si mesma o resultado do proceso selectivo

Serán méritos puntuables:

Experiencia (máximo 10 puntos):

- a) Por servizos prestados como operario de mantemento no ámbito da Administración Local, tanto en réxime de contratación laboral, relación funcionarial ou mercantil:
 - Por servizos prestados no Concello de Friol, en postos de traballo relacionados co obxecto da convocatoria, desempeño en labores de peón de servizos múltiples a razón de 0,50 puntos por mes, ata un máximo de 5,50 Puntos. Para acreditar estes traballos os/as interesados/as deberán presentar certificacións do Concello onde conste o tempo traballado, así como copia autenticada dos nomeamentos ou contratos de traballo subscritos para o efecto e modelo oficial de vida laboral da Tesourería da Seguridade Social. De non presentarse a devandita documentación, ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.
 - En outros concellos: 0,20 puntos por cada mes, ata un máximo de 3,00 puntos. Xustificaranse do mesmo xeito que o disposto no apartado anterior.,
- b) Por servizos prestados como operario de mantemento no ámbito da Administración autonómica, tanto en réxime de contratación laboral, relación funcionarial ou mercantil: 0,10 puntos por cada mes, ata un máximo de 1.50 puntos. Xustificaranse do mesmo xeito que nos apartados anteriores

Os méritos relativos á experiencia profesional en calquera Administración, acreditaranse mediante contratos e vida laboral, acompañado de certificado oficial das funcións realizadas ou servizos prestados.

c) Formación específica complementaria (máximo 5 puntos), sendo valorables:

- Carné de usuario profesional de produtos fitosanitarios: 0,25 puntos.
- Cursos de prevención de riscos laborais: 0,50 puntos se é específico do posto, 0,30 puntos se é básico.
- Carné de conducir a maiores do establecido no apartado 2.h) das presentes bases, 1.00 puntos.
- Cursos de formación relacionados con albañilería, fontanería, xardinería, electricidade ou mantemento de edificios e instalacións públicas: 0,01 punto por hora de duración do curso, cun máximo de 3,25 puntos.

Os méritos relativos á formación específica complementaria, acreditaranse mediante fotocopia dos títulos dos cursos onde consten o temario e número de horas. Os cursos nos que non se acredite o número de horas lectivas, non serán valorados polo Tribunal.

Valoraranse unicamente, os cursos de formación e perfeccionamento ou formación continua, que fosen convocados ou organizados por Institutos, Escolas ou Universidades Oficiais, Servizos de Administracións Públicas, Colexios Oficiais ou outras entidades de carácter público.

O tribunal examinará a documentación presentada valorando unicamente aqueles méritos que fosen debidamente acreditados segundo o apartado anterior. A cualificación da fase concurso será a nota obtida pola suma dos méritos puntuables nesta fase (experiencia e formación) e non terá carácter eliminatorio.

A cualificación definitiva obterase da suma das puntuacións obtidas nas fases de oposición e concurso de méritos.

Os casos de empate que se produzan dirimiranse da seguinte maneira: atenderase, en primeiro lugar, á maior puntuación obtida no primeiro exercicio da fase de oposición. En caso de persistir o empate, atenderase, en segundo lugar, á maior puntuación obtida na apartado “Experiencia” do baremo. En caso de persistir, por sorteo

7.- Relación de aprobados, acreditación de requisitos esixidos e formalización do contrato:

Concluídas as probas e cualificacións, o Tribunal fará pública na sede electrónica do Concello de Friol, a relación de candidatos/as que superaron o proceso selectivo por orde de puntuación, establecéndose un prazo de 3 días hábiles a contar do seguinte ao do seu publicación para que se formulen as reclamacións que se estimen respecto a a baremación de méritos da fase do concurso.

Resoltas as mesmas, polo Tribunal farase pública a relación de candidatos/as aprobados por orde de puntuación e proposta de candidato/a para a formalización do contrato.

O/a candidata/para proposto, dispoñerá dun prazo de 5 días hábiles, desde o seguinte á publicación da proposta do Tribunal, para a acreditación documental do cumprimento dos requisitos esixidos no punto 2. Se no citado prazo non se acredite, ou do exame da documentación deducíse que carece dalgún dos requisitos, perderá o seu dereito a formalización do contrato, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incurrir por falsidade na súa solicitude de participación e será notificado o seguinte candidato/a por estrita orde de puntuación.

Acreditado o cumprimento dos requisitos polo aspirante, pola Alcaldía procederase á ditar resolución ao respecto da conclusión do proceso selectivo e formalización do contrato, na modalidade de laboral fixo, segundo o disposto na lexislación vixente.

8.- Recursos:

As presentes bases e convocatoria esgotan a vía administrativa, e contra elas poderase interpoñer polo interesados recurso de reposición no prazo dun mes #ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As solicitudes de revisión que poidan presentarse polas persoas aspirantes, consideraranse solicitudes de acceso ao expediente, ao abeiro do disposto no ar. 53.1 da lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo, sendo obriga do tribunal expor os criterios técnicos xerais tidos en conta para o outorgamento das puntuacións. Contra os acordos e resolución do tribunal poderá interporse recurso de alzada, segundo o disposto nos art. 121 e 1222 da lei 39/2015 de 1 de outubro.

No non previsto nas bases, será de aplicación do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro); o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo; o Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño (polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local); o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado polo Real

Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril; a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; e o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro e demais normativa de aplicación.

ANEXO I.

TEMARIO FASE OPOSICIÓN POSTO OFICIAL DE PRIMEIRA DE OBRAS E SERVIZOS MÚLTIPLES

Materias comúns:

Tema 1. A Constitución Española de 1978: características, estrutura e contido. Dereitos e deberes fundamentais.

Tema 2. A organización e funcionamento pequenos municipios: órganos e competencias: Alcalde, concelleiros, Pleno, Comisión Informativa e Xunta de Goberno. Resolucións e acordos.

Tema 3. Competencias municipais, Servizos mínimos obrigatorios: ordenanzas municipais-

Tema 4: Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público. Título III, dereitos e deberes. Código de conduta dos empregados públicos. Título VII, réxime disciplinario. Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Título preliminar: obxecto e ámbito da Lei; Título I: o principio de igualdade e a tutela contra a discriminación.

Materias específicas:

Tema 1.- Organización de traballos de obras de albañilería. Construción de cerramentos e particións de fábrica. Construción e impermeabilización de cubertas. Realización de revestimentos, conglomerados e Realización conducións lineais sen presión.

Tema 2.- Solado e alicatado.

Tema 3.- Aplicación de pinturas e vernices. Instalación e acabado de carpintería e moble.

Tema 4.- Mantemento de equipos e realización de instalacións de distribución e subministración de enerxía eléctrica en Media e Baixa Tensión.

Tema 5.- Mantemento e realización de instalacións singulares na contorna dos edificios.

Tema 6.- Instalación e mantemento de equipos electrónicos de consumo, de TV e vídeo, electrónicos microinformáticos e terminais de telecomunicación. Mantemento de equipos e instalacións electrotécnicas automatizadas.

Tema 7.- Montaxe de construcións metálicas e soldadura en atmosfera natural.

Tema 8- Mantemento de instalacións de climatización, produción de calor e redes de auga e gases combustibles.

Friol, 12 de abril de 2025.- O Alcalde-Presidente, José Ángel Santos Sánchez.

ANEXO II: MODELO DE SOLICITUDE

D./D^a _____ con N.I.F. número _____
_____ con enderezo a efectos de notificación en _____
_____ teléfono de contacto _____

Enterado/a pola publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo da convocatoria para a provisión de posto de oficial de primeira e servizos múltiples por promoción interna.

Por medio do presente escrito:

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- Que coñece o contido das bases reguladoras da convocatoria, manifestando a conformidade coa realización do proceso selectivo de acordo co establecido nas bases aceptando integramente as mesmas.
- Que son certos os datos consignados na solicitude.
- Que posúe a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo.
- Que na data da presentación da solicitude reúne tódalas condicións e requisitos esixidos nas bases, que se compromete a probar documentalmente,
- Que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública, nin está inhabilitado/a para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

SOLICITA:

Que se admita a presente solicitude, para concorrer ao proceso selectivo incoado aos efectos da provisión do posto, axuntando ao mesmo copias autenticadas da documentación acreditativa dos méritos alegados, que se relacionan na presente solicitude, no cadro adxunto, a efectos da súa valoración polo órgano encargado da provisión dos mesmos.

Friol a _____ de _____ de 2025

SR ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FRIOL

CADRO DE MÉRITOS**SERVIZOS PRESTADOS NO CONCELLO DE FRIOL COMO OFICIAL DE PRIMEIRA DE OBRAS E SERVIZOS MÚLTIPLES**

Nome da Administración	Meses
1.-	
2.-	
3.-	
4.-	
5.-	

SERVIZOS PRESTADOS NOUTROS MUNICIPIOS

Nome da Administración	Meses
1.-	
2.-	
3.-	
4.-	
5.-	

SERVIZOS PRESTADOS NA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA.

Nome da Administración	Meses
1.-	
2.-	
3.-	
4.-	
5.-	

FORMACIÓN**CURSOS**

Denominación	Horas
1.-	
2.-	
3.-	
4.-	
5.-	
6.-	

CURSOS LINGUA GALEGA (MARCAR O QUE CORRESPONDA)

CELGA 3	SI	NON
CELGA 4	SI	NON

ANEXO III.

En relación co establecido na LOPD de carácter persoal, o Concello procede a informar que os datos obtidos serán incorporados a un ficheiro do que será responsable o Concello, con enderezo social en Praza de España de Friol. Os datos obtidos son co consentimento do/a interesado/a. O obxecto do tratamento será a xestión da relación contractual entre o Concello e o/a solicitante. O/a interesado/a gozará en todo momento dos dereitos de accesos, rectificación, cancelación e oposición garantidos por lei vixente. O/a titular dos datos comprométese a comunicar por escrito en calquera momento ao Concello, calquera modificación dos datos aportados.

R. 1033

LOURENZÁ*Anuncio***NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO****Padrón fiscal do Servizo de AXUDA NO FOGAR do mes de Marzo de 2025.****EDICTO**

Por Resolución de Alcaldía de data o día 09 de abril de 2025, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente o mes de Marzo de 2025 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de tres mil setecentos cincuenta e sete euros con oitenta e oito céntimos de euro (3.757,88€) , tres mil catrocentos quince euros con dezaseis céntimos de euro (3.415,16€) correspondente a dependencia , e trescentos corenta e dous euros con setenta e dous céntimos de euros (342,72€) son de libre concorrência.

De conformidade co establecido no artº 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación do prezo público polo servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de marzo de 2025.

O expediente poderá ser consultado polos interesados nas dependencias do servizo sociais do Concello de Lourenzá, durante o prazo de 15 días a contar dende a publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se considere procedente. Todo iso, en virtude do establecido no artº 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co establecido nos art º 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recaudación, aprobado por R.D. 939/2002, do 29 de xullo comunícase como PRAZO, LUGAR E FORMA DE PAGO:

O prazo de cobro, en período voluntario será da primeira quincena do mes seguinte.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles debidos na entidade bancaria que a persoa usuaria estableceu para o seu efecto .

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

Lourenzá, 9 de abril de 2025.- O Alcalde en funcións, D. Javier Huertas Otero.

R. 1034

Anuncio

BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES DESEMPREGADOS EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN DE: UN/HA PEON DE LIMPEZA, PARA O CONCELLO DE LOURENZÁ, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN AO ABEIRO DO PLAN DEPUTACION DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS ENTRE O CONCELLO DE LOURENZÁ E A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO (PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO 2024)

Por acordo de Xunta de Goberno Local de data 11/04/2025 aprobase A CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES DESEMPREGADOS EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN DE: UN/HA PEON DE LIMPEZA, PARA O CONCELLO DE LOURENZÁ, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN AO ABEIRO DO

PLAN DEPUTACION DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS ENTRE O CONCELLO DE LOURENZÁ E A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO (PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO 2024)

A convocatoria e as bases aprobadas están publicadas na páxina web da Deputación Provincial de Lugo www.deputacionlugo.org, na páxina Web do Concello de Lourenzá no seguinte enlace www.concellodelourenza.gal, no taboleiro de anuncios do Concello de Lourenzá e a disposición dos interesados nas Oficinas Municipais.

A convocatoria farase mediante presentación das correspondentes ofertas no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Lourenzá, 14 de abril de 2025.- O Alcalde en funcións, Javier Huertas Otero.

R. 1048

LUGO

Anuncio

Exposición ao público

A través do Decreto número **921/2025** aprobouse o padrón relativo ás taxas pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondientes ao **cuarto trimestre de 2024**, que se expoñen ao público no Servizo de Servizos Sociais, sito na Ronda da Muralla, 197, durante o prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondiente taxa: dende o día **5 de febreiro** ata o día **5 de marzo de 2025** (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 4 de febreiro de 2025.- A concelleira delegada de Benestar Social e Maiores, Olga López Racamonde.

R. 1035

Anuncio

A Ilma. Sra. Dona Ana Mª González Abelleira, Tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial do Excmo. Concello de Lugo, por suplencia do Ilmo. Sr. Don Ángel Pablo Permuy Villanueva, Tenente de alcalde delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos, urbanismo, deportes e xuventude do Excmo. Concello de Lugo, con data do 11 de abril de 2025, ditou o Decreto Nº 3731/2025 relativo ao nomeamento de 3 funcionarios en prácticas na categoría de Oficial Policía Local, cuxa parte resolutiva é do teor literal seguinte:

“**Primeiro**.- Nomear como funcionarios en prácticas na categoría de Oficiais do corpo da Policía Local (Escala: Básica; Categoría: Oficial Policía; Grupo: C1; Nivel: 21) a:

DNI cifrado	NOME	APELIDOS
***8431**	JOSÉ ANTONIO	FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ
***4685**	MARCOS	COSTOYA MOSTEIRO
***5586**	PABLO	LÓPEZ RODRÍGUEZ

con efectos do día no que dea comezo o curso selectivo de formación que, para o efecto, desenvolva a Academia Galega de Seguridade Pública, previsto para o día 22 de abril de 2025.

Segundo.- Durante o período de permanencia no curso de formación na Academia Galega, os aspirantes deberán comunicar a opción das previstas no artigo 2 do RD 456/1986, de 10 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas.

Terceiro.- Notificarlle o nomeamento en prácticas ós/ás interesados/as, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á notificación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.”

Lugo, 14 de abril de 2025.- A Tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial, por suplencia do Ilmo. Sr. Don Ángel Pablo Permuy Villanueva, Tenente de alcalde delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos, urbanismo, deportes e xuventude, a Ilma. Sra. Dona Ana Mª González Abelleira.

R. 1036

MURAS

Anuncio

MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)

Rematado o prazo de presentación de solicitudes para participar na convocatoria para selección de 1 oficial coordinador de obras como persoal laboral fixo, de acordo co establecido na base 6ª das bases da convocatoria, e de conformidade coas atribucións establecidas no artigo 21.1 da Lei 7/1985, en relación co artigo 61.1 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aproba-la lista provisional de aspirantes admitidos que a seguir se relacionan:

Admitidos:

ASPIRANTE	DNI	REXISTRO ENTRADA	ADMISIÓN/EXCLUSIÓN
MANUEL CARBALLES PENABAD	7759****T	2024-E-RC-1310 27.12.2024	SI
JOSE HILARIO RODRIGUEZ PARAPAR	3399****A	2025-E-RE-1 01.01.2025	SI
JOSE MANUEL PARDIÑO REIGOSA	3488****P	2025-E-RC-10 07.01.2025	SI
JULIO DÍAZ DÍAZ	3488****Z	2025-E-RC-25 10.01.2025	SI
FRANCISCO MARCIEL CALAZA	3353****X	2025-E-RE-16 11.01.2025	SI
ABRAHAM CORUJO CARREIRA	3333****P	2025-E-RC-30 13.01.2025	SI
GENEROSO PERNAS PARDO	3330R	2025-E-RE-25 18.01.2025	SI
JOSE MANUEL SANCHEZ COUCEIRO	3265****W	2025-E-RE-43 23.01.2025	SI

SEGUNDO.- Sinalar un prazo de DEZ DÍAS hábiles para subsanacións/reclamacións a contar desde o día seguinte a data da publicación desta Resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo na sede electrónica do Concello de Muras.

TERCEIRO.- Facer público a composición do Tribunal cualificador que xulgará o proceso selectivo que estará composto polas seguintes persoas:

PRESIDENTE

Titular: D. Damado Pico Balsa, enxeñeiro técnico agrícola, Concello de Ortigueira.

Suplente: D^a. Marta Cortes Sierra, arquitecta técnica do Concello de Ortigueira.

SECRETARIO:

Titular: D^a. Silvia Lamelas Soto, Secretaria-Interventora do Concello de Muras.

Suplente: D. José Orosa González, administrativo do Concello de Muras.

VOGAIS:

Titular: D. Francisco José Fernández Carreja, ADL do Concello de Ortigueira.

Suplente: D^a. Maria Lorena Burque Antelo, traballadora social do Concello de Muras.

Titular: D. Carlos Álvarez González, electricista do Concello de Ortigueira.

Suplente: Roberto Lindin Novo, ADL do Concello de San Sadurniño.

Titular: D^a. Olalla Álvarez de Neira Martínez, Secretaria-Interventora do Concello de San Sadurniño.

Suplente: D^a. María Ángeles Rodríguez Novo, administrativa do Concello de San Sadurniño

CUARTO.- Os aspirantes poderán solicitar a recusación dos membros do tribunal, coas causas e procedementos previstos nos artigos 23 e 24 da lei 40/2015, de 1 de outubro de do Réximen Xurídico do Sector Público.

QUINTO.- Sinalar como data para a realización da primeira das probas da fase de oposición o **día 20 DE NOVIEMBRE 2025 as 11.00 horas** no local denominado, Casa do Médico, para o cal quedan citados tódolos aspirantes admitidos.

SÉTIMO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais.

O Alcalde

Dilixencia da Secretaría Xeral

No exercicio das funcións de fe pública que me atribúe o artigo 3.2.e) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, poño esta dilixencia para facer constar que a presente resolución foi incluída no Libro Oficial de Resolucións deste Concello na data da miña sinatura. Esta dilixencia non presupón informe xurídico favorable ou desfavorable do seu contido.

A Secretaria-Interventora

Muras, 14 de abril de 2025.- A Secretaria-Interventora, Silvia Lamelas Souto.

R. 1037

Anuncio**MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)**

Rematado o prazo de presentación de solicitudes para participar na convocatoria para selección de 3 operarios conductores como persoal laboral fixo, de acordo co establecido na base 6^a das bases da convocatoria, e de conformidade coas atribucións establecidas no artigo 21.1 da Lei 7/1985, en relación co artigo 61.1 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aproba-la lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos que a seguir se relacionan:

Admitidos:

ASPIRANTE	DNI	REXISTRO ENTRADA	ADMISIÓN/EXCLUSIÓN
PEDRO GOMEZ SEOANE	7657****R	2024-E-RC-1302 26.12.2024	SI
MANUEL GÓMEZ SOUTO	7657****N	2024-E-RC-2309 27.12.2024	SI

MANUEL CARBALLES PENABAD	7759****T	2024-E-RC-1311 27.12.2024	SI
JOSE HILARIO RODRIGUEZ PARAPAR	3399****A	2025-E-RE-1 01.01.2025	SI
JOSE MANUEL PARDIÑO REIGOSA	3488****P	2025-E-RC-11 07.01.2025	SI
MANUEL CABADA BARRO	3399****S	2025-E-RC-14 08.01.2025	SI
ANDRES ANTONIO CAO SOILAN	3330****E	2025-E-RC-22 10.01.2025	SI
JULIO DÍAZ DÍAZ	3488****Z	2025-E-RC-25 10.01.2025	SI
MARIO CORUJO CARREIRA	3488****T	2025-E-RC-29 13.01.2025	SI
ABRAHAM CORUJO CARREIRA	3333****P	2025-E-RC-30 13.01.2025	SI
YOEL CASAL ROMERO	3270****P	2025-E-RC-34 14.01.2025	SI
RAÚL CARBALLES DRAMON	3562****V	2025-E-RC-36 14.01.2025	NO(*)
GENEROSO PERNAS PARDO	3330R	2025-E-RE-25 18.01.2025	SI
CAMILO BELLAS PITA	3399****T	2025-E-RC-59 20.01.2025	SI

Motivo exclusión:

(*) Non se aporta certificado de escolaridade, graduado escolar ou equivalente.

SEGUNDO.- Sinalar un prazo de DEZ DÍAS hábiles para subsanacións/reclamacións a contar desde o día seguinte a data da publicación desta Resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo na sede electrónica do Concello de Muras. De non presentar a documentación no prazo indicado, quedará automaticamente excluído

TERCEIRO.- Facer público a composición do Tribunal cualificador que xulgará o proceso selectivo que estará composto polas seguintes persoas:

PRESIDENTE

Titular: D. Damado Pico Balsa, enxeñeiro técnico agrícola, Concello de Ortigueira.

Suplente: D^a. Marta Cortes Sierra, arquitecta técnica do Concello de Ortigueira.

SECRETARIO:

Titular: D^a. Silvia Lamelas Soto, Secretaria-Interventora do Concello de Muras.

Suplente: D. José Orosa González, administrativo do Concello de Muras.

VOGAIS:

Titular: D. Francisco José Fernández Carreja, ADL do Concello de Ortigueira.

Suplente: D^a. Maria Lorena Burque Antelo, traballadora social do Concello de Muras.

Titular: D. Carlos Álvarez González, electricista do Concello de Ortigueira.

Suplente: Roberto Lindin Novo, ADL do Concello de San Sadurniño.

Titular: D^a. Olalla Álvarez de Neira Martínez, Secretaria-Interventora do Concello de San Sadurniño.

Suplente: D^a. María Ángeles Rodríguez Novo, administrativa do Concello de San Sadurniño

CUARTO.- Os aspirantes poderán solicitar a recusación dos membros do tribunal, coas causas e procedementos previstos nos artigos 23 e 24 da lei 40/2015, de 1 de outubro de do Réximen Xurídico do Sector Público.

QUINTO.- Sinalar como data para a realización da primeira das probas da fase de oposición o **día 20 DE NOVIEMBRE 2025 as 10.00 horas** no local denominado, Casa do Médico, para o cal quedan citados tódolos aspirantes admitidos.

SÉTIMO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais.

O Alcalde

Dilixencia da Secretaría Xeral

No exercicio das funcións de fe pública que me atribúe o artigo 3.2.e) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, poño esta dilixencia para facer constar que a presente resolución foi incluída no Libro Oficial de Resolucións deste Concello na data da miña sinatura. Esta dilixencia non presupón informe xurídico favorable ou desfavorable do seu contido.

A Secretaria-Interventora

Muras, 14 de abril de 2025.- A Secretaria-Interventora, Silvia Lamelas Souto.

R. 1038

Anuncio

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario da sesión extraordinaria celebrada o 12 de febreiro de 2025 no que acordou aprobar a modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), cuxo texto íntegro se fai público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

ORDENANZA FICAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS DO CONCELLO DE MURAS

Artigo 1.-Natureza e fundamento.

De conformidade co disposto nos artigos 59.2 e 100 e seguintes do Real decreto legislativo, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Muras establece o Imposto sobre construcións, instalacións e obras, nos termos regulados na presente Ordenanza.

Artigo 2.-Feito Impoñible.

Constitúe o feito imponible do imposto a realización dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtivérase ou non dita licenza, ou para a que se esixa a presentación de declaración responsable ou comunicación previa, presentáranse ou non, sempre que a expedición da licenza ou actividade de control corresponda a este Concello. Os actos de edificación e usos do solo que requiran licenza ou presentación de comunicación previa son os previstos na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e na normativa que a desenvolve.

Quedan tamén incluídas no feito imponible do imposto, as construcións, instalacións e obras que se realicen en cumprimento dunha orde de execución municipal ou aquelas outras que requiran a previa existencia dun acordo aprobatorio ou dunha concesión. Nestes supostos a licenza aludida no apartado anterior, considerarase outorgada unha vez ditada a orde de execución, adoptado o acordo ou adxudicada a concesión polos órganos municipais competentes, con cumprimento da tramitación preceptiva, e legalmente notificado o acto administrativo o interesado.

Artigo 3.-Exencións.

Está exenta do pagamento do imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa propietario o Estado, as Comunidades autónomas ou as Entidades locais, que estando suxeita ao imposto, vaia a ser directamente destinada a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por organismos autónomos, tanto si se trata de obras de inversión nova como de conservación.

Artigo 4.-Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuíntes, as persoas xurídicas ou as entidades locais do artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que sexan propietarios da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice aquela. Aos efectos previstos neste artigo terá a consideración de propietario da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou o custe que comporte a súa realización.

No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte terán a condición de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quen solicite a correspondente licenza ou presenten a correspondente declaración responsable ou comunicación previa ou realicen as construcións, instalacións ou obras.

O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.

Artigo 5.-Base imponible, cota, tipo de gravame e devengo.

1. A base imponible deste imposto está constituída polo custe real e efectivo da construción, instalación ou obra.

Non forman parte da base imponible o Imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estritamente, o custe de execución material.

2. A cota do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.
3. O tipo de gravame será progresivo segundo a base imponible indicada na seguinte táboa.

IMPORTE DO ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL	TIPO DE GRAVAME
Ata 100.000,00 €	1,00%
De 100.001,00 a 300.000,00 €	2,00%
De 300.001,00 a 400.000,00 €	3,00%
De 400.001,00 en adiante	4,00%

4. A obriga de contribuír nace no intre de comezar a construción, instalación ou obra, mesmo nos casos en que comece sen ter obtido a licenza que proceda.

Os efectos deste imposto, entenderanse iniciadas as construcións, instalacións ou obras, salvo proba en contrario, cando fora concedida a preceptiva licenza municipal; no momento no que sexa retirada a devandita licenza polo interesado ou o seu representante, ou noutro caso, ó mes da data da resolución.

Artigo 8.-Normas de xestión.

1. Os suxeitos pasivos virán obrigados a presentar solicitude de licenza urbanística, declaración responsable ou comunicación previa, acompañada dos correspondentes presupostos, nos casos e modos que sinala a normativa aplicable ao solo e a edificación, tanto estatal, como autonómica e local. A solicitude de licenza urbanística, declaración responsable ou comunicación previa terá o valor de declaración tributaria, por canto dos presupostos que se acompañen a aquela deducirase a base imponible do imposto. De non mediar solicitude de licenza, declaración responsable ou comunicación previa antes do inicio das obras, a conduta, sen prexuízo das súas repercusións urbanísticas, constituirá unha infracción tributaria, nos termos do artigo 11 da presente ordenanza fiscal.
2. Os suxeitos pasivos que inicien a construción, instalación ou obra e non tiveran presentado unha comunicación previa ou declaración responsable, nin tiveran concedida aínda a licenza preceptiva teñen a obriga de presentar, no prazo máximo dun mes, a contar dende o inicio da construción, instalación ou obra a declaración tributaria que permita practicar a esta administración a correspondente liquidación provisional a conta.
3. A base imponible para a autoliquidación e liquidación do imposto, determinarase en función do presuposto presentado polos interesados, salvo que se estime que o presentado é manifestamente inferior ó custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, en cuxo caso farase a determinación da base imponible atendendo os custes reais de execución material determinados polos servizos técnicos municipais en base ós prezos medios de mercado.
4. O procedemento de xestión do tributo será diferenciado, así:
 - a) Réxime de autoliquidación:

Establécese o réxime de autoliquidación do imposto para o suposto de realización de construción, instalacións e obras para cuxa realización se esixa declaración responsable ou comunicación previa. Así, o suxeito pasivo está obrigado a presentar xunto ca declaración responsable ou comunicación previa, a autoliquidación no modelo normalizado facilitado polo Concello e o xustificante de ter ingresado nas contas municipais a cota resultante. No suposto de que na autoliquidación presentada se detectaran erros aritméticos, formais ou de aplicación dos elementos determinantes da base imponible ou do tipo de gravame a Administración tributaria poderá ditar unha liquidación complementaria modificando a citada autoliquidación.

No caso de que a corresponde declaración responsable ou comunicación previa non obtivera o visto bo, e se deixará sen efecto en aplicación do procedemento establecido no artigo 26 da Lei 9/2013 de emprendemento e competitividade económica de Galicia, os suxeitos pasivos terán dereito a devolución das cotas satisfeitas, previa solicitude.

b) Réxime de liquidación de ingreso directo:

Establécese o réxime de liquidación de ingreso directo para o suposto de realización de construción, instalación e obras para cuxa realización se esixa a obtención de licenza de obra ou urbanística. Cando se conceda a licenza preceptiva, practicarase unha liquidación provisional que será notificada ao suxeito pasivo para o seu pago nos prazos fixados pola lexislación tributaria.

Este mesmo réxime será o aplicable para os supostos de que a realización de construción, instalación e obras derive do cumprimento dunha orde de execución municipal ou aquelas outras que requiran a previa existencia dun acordo aprobatorio ou dunha concesión.

5. O pagamento da autoliquidación presentada ou modificada ou da liquidación provisional aprobada terán carácter provisorio e serán a conta da liquidación definitiva que se practique unha vez realizadas as construción, instalación ou obras. Así, unha vez rematadas estas, e tendo en conta a obra realizada e o seu custo real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, poderá modificar, no seu caso, a base impositiva a que se refire o apartado primeiro deste artigo, facendo a correspondente liquidación definitiva, e esixindo ou reintegrando ao suxeito pasivo a cantidade que resulte.
6. No suposto de que non se inicien as construcións, instalacións e obras, o interesado terá dereito a devolución das cantidade, que no seu caso tivera satisfeitas en concepto de imposto sobor de instalación, construción e obras, sempre e cando formule renuncia expresa a licenza, ou sexa declarada a caducidade mediante resolución administrativa. Do mesmo xeito terá dereito a devolución do ingresado logo da renuncia expresa a realización das obras nos supostos de presentación dunha comunicación previa ou declaración responsable.

Artigo 9.-Bonificacións.

Para os efectos do disposto no artigo 103 do Real decreto lexislativo, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establécense as seguintes bonificacións:

- a) Unha bonificación de ata o 50 por cento a favor das construcións, instalación ou obras referentes a vivendas de protección oficial.

A bonificación prevista neste parágrafo aplicarase a cota resultante de aplicar, no seu caso, a bonificación a que se refire o parágrafo anterior.

- b) Unha bonificación de ata o 90 por cento a favor das construcións, instalacións ou obras en edificios ou vivendas comunitarias, que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados en zonas de uso común, extremo que será apreciado polos servizos técnicos municipais.
- c) Unha bonificación de ata o 95 por cento a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarse, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.
- d) Unha bonificación de ata o 95 por cento a favor das construcións, instalacións ou obras nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación da Administración competente. A bonificación prevista neste parágrafo aplicarase á cota resultante de aplicar, no seu caso, a bonificación a que refírese o parágrafo a) anterior.

Artigo 10.-Inspección e recadación.

A inspección e recadación do imposto realizarase de acordo co previsto na Lei xeral tributaria e disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

Artigo 11.-Infraccións e sancións.

A cualificación das infraccións tributarias e a determinación das sancións que polas mesmas correspondan, rexerase polo disposto na Lei xeral tributaria e disposicións que a complementen e desenvolvan, coas especificacións que resulten do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais.

Disposición derogatoria

Coa entrada en vigor da presente Ordenanza fiscal queda derogada a anterior Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras deste Concello.

Disposición final

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, e aplicarase a partir do día da súa entrada en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Lugo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Muras, 11 de abril de 2025.- O Alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 1039

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía número 2025-0067 de data do 11.4.2025, aprobouse o padrón fiscal correspondente ó mes de marzo de 2025 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 19,02 €, e Programa Básico de Axuda no Fogar polo importe de 179,61 €.

Por medio do presente expónse ó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Negueira de Muñiz, 14 de abril de 2025.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 1040

O SAVIÑAO

Anuncio

Mediante Decreto de Alcaldía 2025-0113, de data 10 de abril de 2025, aprobáronse a convocatoria e as bases específicas para a selección, mediante o sistema de concurso-oposición, de 2 LIMPADORES/AS ao abeiro do Plan Deputación de cooperación cos concellos 2025 (Programa B.3 reforzo do emprego), baixo a modalidade de funcionario interino para a execución de programas de carácter temporal do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro (Expte.497/2025).

Lugar de presentación de solicitudes: no Rexistro do Concello de O Saviñao (físico ou electrónico) ou a través de calquera das formas previstas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Prazo de presentación: nos cinco días hábiles seguintes ao da publicación deste anuncio de convocatoria no BOP de Lugo.

Máis información: as bases específicas da convocatoria poderán ser consultadas no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de O Saviñao (<http://concellodosavinao.sedelectronica.gal>)

O Saviñao, 10 de abril de 2025.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 1041

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO PADRÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL

Por Resolución de Alcaldía num. 2025/0107, de data 9 de abril de 2025, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo da Escola Infantil do Saviñao correspondentes ao mes de marzo de 2025, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación no BOP de Lugo, ao obxecto de que poida ser consultado polos/as interesados/as nas dependencias do Concello, de xeito que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos conforme ao disposto na normativa tributaria.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se estime oportuno. Todo iso, en virtude do establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O cobramento dos correspondentes recibos realizarase de conformidade ao establecido no arts. 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por RD 939/2005, do 29 de xullo, Regulamento de organización e funcionamento da Escola Infantil Municipal do Saviñao, art. 3 da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de dito servizo.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

O Saviñao, 10 de abril de 2025.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 1042

TRIACASTELA

Anuncio

Elevado a definitivo, por non terse presentado reclamacións, e así dispoñelo o acordo de plenario de data 27 de febreiro de 2025, de aprobación do Regulamento da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Triacastela a medio da presente, publícase o seu texto integro para o seu xeral coñecemento, en cumprimento do disposto nos artigos 49 e 70 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local

REGULAMENTO DA AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DO CONCELLO DE TRIACASTELA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En virtude das competencias atribuídas aos Concellos en materia de Protección Civil na Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, e aos números 3 e 4 do artigo 30 da Constitución Española, o exercicio das mesmas debe levarse a cabo, fundamentalmente, mediante actuacións dos Concellos e dos Alcaldes coa colaboración dun Concelleiro-Delegado de Protección Civil, coordinando os servizos municipais dedicados dunha forma cotiá ó cumprimento de misións que encadren nas de presenza e actuación en situacións de grave risco, catástrofe ou calamidade pública.

O desenvolvemento do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación de voluntarios, agrupación de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de Protección Civil de Galicia, da Lei 17/2015, de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil da Norma básica de Protección Civil mediante o Real Decreto 407/1992, do 24 de abril naquel que non contradiga ou se opoña a Lei 17/2015, os artigos 80, 81 e 92 da Lei 5/1997 do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, o Plan Territorial de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia (PLATERGA), a Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, o Decreto 123/2014, do 18 de setembro, polo que se regula a acreditación, a uniformidade e os distintivos do persoal voluntario das agrupacións de voluntarios de protección civil, a imaxe corporativa de estas agrupacións e os equipos de mobilidade necesarios para o desenvolvemento das funcións de protección civil e emerxencias, e a Orde do 24 de febreiro de 2015 que o desenvolve, fan preciso a adecuación do actual Regulamento para a súa inscrición no Rexistro de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para articular as oportunidades de colaboración dos cidadáns, individualmente considerados, coa protección civil municipal, parece conveniente regulamentar a organización e funcionamento da agrupación de voluntarios de protección civil municipal, que se vinculará aos servizos básicos de intervención en emerxencias dependentes do concello para realizar as tarefas que procedan, sen prexuízo do que se poida establecer nas leis sobre prestación persoal e de servizos con carácter obrigatorio.

En virtude do exposto e previo acordo municipal, apróbanse os estatutos da Agrupación de Persoal Voluntario de Protección Civil do Concello de Triacastela que se transcribe seguidamente.

CAPITULO I – FINALIDADE.

Artigo. 1.- A protección civil municipal ten como fin establecer unha organización en base á estrutura e recursos municipais, contando coa colaboración das entidades privadas e os cidadáns, para garantir a coordinación preventiva e operativa respecto da protección das persoas e bens ante os danos producidos polas situacións de emerxencia nos casos de grave risco, catástrofe ou calamidade pública, sen esquecer

todo tipo de emerxencias menores, mediante actuacións que permitan evitar as mesmas, reducir os seus efectos, reparar os danos, e, no seu caso, contribuír a corrixir as causas produtoras das mesmas.

Artigo. 2.- A organización e funcionamento da Agrupación de Persoal Voluntario de Protección Civil, en adiante AVPC, como modalidade de incorporación dos cidadáns á actividade de protección civil, rexerase polo establecido no presente Regulamento, así como polas instrucións e directrices que, a efectos de coordinación e participación no desenvolvemento ou execucións dos plans, programas e actividades da organización municipal e se diten polo órgano da Comunidade Autónoma competente nesta materia e demais administracións públicas de ámbito superior conforme ó establecido na normativa básica de Protección Civil.

Art. 3.- Poderán vincularse á AVPC as persoas físicas que con carácter altruísta se comprometan a colaborar directamente nas actividades dos servizos de protección civil dependentes do concello.

CAPITULO II – ORGANIZACIÓN.

Art. 4.- A AVPC ten o seu domicilio social na Pz. Deputación, 1 - Concello de Triacastela, provincia de Lugo, CP27630, ámbito territorial no que vai realizar principalmente as súas actividades.

Art. 5.- Unha das canles para a colaboración voluntaria dos veciños na protección civil municipal levarase a cabo mediante a incorporación dos mesmos á AVPC a que se refire o presente regulamento.

Art. 6.- Poderán incorporarse á AVPC como voluntarios operativos todos os veciños maiores de 18 anos que cumpran os requisitos de acceso que poidan establecer as agrupacións sen que en ningún caso poida facerse discriminación por razóns de sexo, políticas, ideolóxicas, relixiosas ou calquer outra circunstancia persoal ou social.

Así mesmo, as persoas maiores de 16 anos e menores de 18, sempre que conste a autorización do que exerza a patria potestade ou a tutela, poderán formar parte da agrupación como voluntarios de apoio.

Art. 7.- As persoas con formación e experiencia suficiente no exercicio profesional ou vocación relacionada con algunha das entidades deste servizo público e que, por determinadas circunstancias non poidan ser voluntarios operativos, poderán estar unidos á agrupación mediante a figura de colaborador en misións de orientación, asesoramento, asistencia técnica ou axuda económica.

A figura de colaborador pódese facer extensiva a aquelas entidades locais que desexen colaborar coa agrupación en calquera dos apartados mencionados anteriormente.

Art. 8.- A vinculación dos voluntarios co concello non ten carácter de relación laboral, administrativa, funcional ou mercantil, senón de colaboración voluntaria para a prestación de servizos de maneira altruísta como medio de realización de accións humanitarias de solidariedade social e boa veciñanza.

Art. 9.- A incorporación á agrupación farase sempre en virtude da solicitude do interesado, na que se declarará non estar inhabilitado para funcións públicas por sentenza firme e o compromiso de coñecer e aceptar o contido deste regulamento, así como o que se dispón na normativa vixente sobre Protección Civil.

Art. 10.- A condición de membro da AVPC faculta unicamente para realizar as actividades correspondentes á mesma, especialmente en situacións de emerxencia nos casos de grave risco, catástrofe ou calamidade pública e nos operativos organizados e coordinados pola agrupación. O persoal voluntario non poderán realizar actividades de carácter persoal amparándose na pertenza á agrupación.

Art. 11.- As funcións do persoal voluntario, entre outras, son as de promoción da prevención e autoprotección cidadá, así como a colaboración, auxilio e apoio dos servizos públicos de protección civil e, en todo caso, serán as indicadas no Plan de Emerxencia Municipal “PEMU” e demais plans de protección civil do sistema autonómico, aprobados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Art. 12.- A agrupación estruturarase, orgánica e funcionalmente, en seccións de acordo ás necesidades que existan no concello ou comarca e, en todo caso, disporá das seccións correspondentes en consonancia coa tipoloxía de riscos definidso no PEMU e, se é o caso, no PLATERGA (Plan Territorial de Emerxencias de Galicia).

Art. 13.- Todas as actuacións que realice a AVPC en materia de Protección Civil no ámbito local, serán sempre autorizadas e coordinadas, ou se é o caso dirixidas, pola autoridade local correspondente.

Art.14.- O presidente da AVPV, e demais cargos que estatutariamente se prevexan, serán elixidos democraticamente entre os membros que teñan a condición de voluntarios de pleno dereito, segundo o que se estableza na lexislación vixente. A duración do mandato será de 4 anos, e poderá ser reelixido par novos mandatos.

Art. 15.-Todos os compoñentes da agrupación ostentarán, sobare o lado esquerdo do peito, o distintivo de Protección Civil da Comunidade Autónoma e no lado dereito a tarxeta de identidade de voluntario, segundo o que dispón na normativa vixente para o efecto.

Art. 16.- A AVPC contará un seguro de accidentes, así como de responsabilidade civil por danos a terceiros, que ampare aos seus membros fronte aos riscos a que están sometidos no exercicio das súas funcións.

Art. 17.- Polo servizo municipal de Protección Civil elaboraranse e formularanse propostas para aprobar as normas de carácter especial ou xeral que sexan necesarias para desenvolver e aplicar este regulamento, así como para regular a actividade da AVPC.

CAPÍTULO III – FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO

Art.18.- A formación do persoal voluntario, baseada nos coñecementos e habilidades relacionadas coas características propias deste servizo público, terá como finalidade facilitar a incorporación destas persoas en condicións de garantía e eficacia así como contribuír á selección dos/as aspirantes.

Art. 19.- A actividade formativa e de perfeccionamento do persoal voluntario, segundo o que se dispón no Decreto 56/2000, do 3 de marzo, articularase da seguinte maneira:

1- O nivel básico corresponde aos coñecementos mínimos que debe posuír un voluntario de Protección Civil para o correcto desenvolvemento das súas actividades.

2- O segundo nivel ou nivel operativo que corresponde aos coñecementos que deben posuír os compoñentes das distintas seccións ou grupos operativos das AVPC.

3- O terceiro nivel ou nivel de especialidade ten como obxectivo obter a titulación oficial en determinadas actividades. Os cursos axustaranse aos oficiais dos organismos que os impartan.

4- Ademais da formación regulada, a AVPC poderá propoñer outros cursos, xornadas e cantas actividades de formación considere oportunas.

5- A actividade formativa complementarase coas seguintes accións:

a) Exercicios prácticos con carácter periódico para a mellora permanente da preparación dos compoñentes da agrupación.

b) A organización de bibliotecas e fondos de comunicación sobre Protección Civil e, especialmente, en relación coa organización e funcionamento de agrupacións de colaboradores voluntarios e outras modalidades da participación cidadá nas actividades de Protección Civil.

c) O mantemento de relacións de colaboración mutua con outras administracións públicas ou entidades privadas relacionadas con Protección Civil.

d) A edición, colaboración, promoción de publicacións e a divulgación de recomendacións á poboación, sobre temas de Protección Civil.

CAPÍTULO IV – DEREITOS E DEBERES

Art. 20.- Son dereitos dos persoal voluntarios de protección civil no exercicio da súa labor de colaboración:

- Recibir a información, formación, orientación, apoio, e se é o caso, medios materiais necesarios para o exercicio das funcións que se lle asignen.
- Dispoñer dunha acreditación identificativa da súa condición de voluntario/a de protección civil.
- Empregar a vestimenta homologada polo organismo competente en materia de protección civil da Xunta de Galicia.
- Realizar a súa actividade nas debidas condicións de seguridade en función da natureza e características daquela.
- Participar na elección dos membros da xunta directiva e poder ser elexible.
- Ser tratados sen discriminación, respectando a súa liberdade, dignidade, intimidade e crenzas.
- Non ser asignados á execución de tarefas alleas ós fins e natureza da entidade

Art. 21.- Son deberes do persoal voluntario no exercicio da súa labor de colaboración:

- Gardar, cando proceda, confidencialidade da información recibida e coñecida durante o desenvolvemento da súa actividade como voluntario/a de protección civil, mantendo segredo análogo ó profesional.
- Rexeitar calquera tipo de contraprestación económica que puidese recibir dos cidadáns afectados directa ou indirectamente polas actividades desenvolvidas.
- Actuar de forma dilixente e solidaria, cumprindo coas indicacións e normas ditadas polos seus mandos naturais e as autoridades de protección civil.
- Participar nas tarefas formativas previstas pola autoridade competente de protección civil ou pola AVPC, así como nas que con carácter permanente se precisen para manter a calidade das prestacións.
- Empregar axeitadamente a vestimenta de protección civil cos seus distintivos.

- Coidar e utilizar de xeito adecuado os recursos e medios materiais que poña a súa disposición a AVPC, ou, de selo caso, as autoridades de protección civil.
- No suposto de causar baixa na AVPC por calquera circunstancia, entregará a tarxeta de identidade e o uniforme ó/á responsable da AVPC, así como o material asignado á súa custodia.
- Cumprir os compromisos acordados coa AVPC, respectando o disposto nos seus estatutos.

Art. 22.- As AVPC deberán:

- a) Respostar a principios democráticos e participativos na composición dos seus órganos e no seu funcionamento.
- b) Proporcionar ás persoas voluntarias a formación específica e a orientación necesaria para o exercicio das súas actividades.
- c) Garantir aos voluntarios as debidas condicións de seguridade e saúde no desenvolvemento da súa actividade, así como o establecemento das correspondentes medidas de prevención de riscos.
- d) Certificar a actividade das persoas voluntarias con constancia dos seus datos persoais identificativos e a duración e natureza da actividade desenvolvida.
- e) Informar ás persoas voluntarias sobre os fins e réxime de funcionamento da AVPC.
- f) Facilitar a participación do voluntariado na elaboración, deseño, execución e avaliación dos programas nos que interveñen.

CAPITULO VI -RECOMPENSAS E SANCIÓNS

Art. 23.- As condutas dos compoñentes da AVPC serán obxecto de valoración polos procedementos que se establezan nas correspondentes instrucións de desenvolvemento deste regulamento. Distinguiranse como proceda as condutas meritorias e sancionaranse, de conformidade co establecido neste regulamento, as infraccións ao previsto no mesmo.

As recompensas e sancións anotaranse no expediente persoal do interesado.

Art. 24.- As accións meritorias que impliquen un nivel de dedicación superior ás actividades ordinarias do servizo (ou riscos para a vida e a integridade dos voluntarios), poderán ser recompensadas co recoñecemento público mediante o correspondente escrito da alcaldía ou a formulación pola mesma de proposta para a concesión da medalla ao mérito, as placas e diplomas de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia, ou outras distincións que poidan conceder as distintas administracións públicas ou o concello para premiar actos desta natureza especial.

Art. 25.- As infraccións ao disposto neste regulamento sancionaranse previa tramitación do correspondente expediente, unha vez escoitada a persoa interesada, que poderá en todo momento facer as alegacións oportunas.

As faltas considéranse leves, graves e moi graves.

- I. Estimaranse como faltas leves e serán sancionadas con apercibimento ou suspensión de ata un mes, atendendo ás circunstancias que concorran, as seguintes:
 - O descoido na conservación e mantemento do equipo e material que tivera ao seu cargo no cumprimento das misións encomendadas
 - A desobediencia aos mandos cando isto supoña mal trato de palabra e obra e non afecte ao servizo que deba cumprirse
 - As demais infraccións ou omisións, con carácter leve, ao presente regulamento
- II. Consideraranse faltas graves e serán sancionadas coa suspensión dende un a seis meses, atendendo ás circunstancias que concorran, as seguintes:
 - Negarse ao cumprimento das misións que lle sexan encomendadas sen causa
 - A utilización, fóra dos actos propios do servizo do equipo, de material ou distintivos de protección civil
 - O deterioro ou perda, por negligencia, do equipo, material, bens ou documentos do servizo ao seu cargo e custodia
 - As omisións ou infraccións graves ao preceptuado neste regulamento.
 - A acumulación de tres faltas leves
- III. Serán causas de expulsión, como consecuencia da falta moi grave, as seguintes:
 - Deixar de cumprir, sen causa xustificada, as esixencias do servizo.

- Observar mala conduta ou ser sancionado reiteradamente por faltas graves.
- Ser condenado por calquera acto delituoso, a excepción das derivadas de accidentes de circulación non producido por inxestión alcohólica ou de calquera substancia psicotrópica.
- Utilizar ou exhibir indebidamente o uniforme ou as identificacións do servizo.
- A agresión de palabra ou obra a calquera membro da agrupación e a desobediencia que afecte á misión que deba cumprir.
- Negarse á cumprir as sancións de suspensión que lle foran impostas
- O incumprimento moi grave do que se establece no presente regulamento e, en especial, o que se dispón no seu artigo 10º.

IV. Prescrición:

- As faltas leves prescribirán ó mes.
- AS faltas graves ó ano.
- As faltas moi graves ós tres anos.

V. Procedemento sancionador

Principios xerais

Non se poderán impoñer sancións por faltas graves e moi graves senón en virtude dun expediente disciplinario instruído ó efecto.

Para a imposición de sancións por faltas leves non será preceptiva a previa instrución do expediente salvo o trámite de audiencia ó interesado.

CAPITULO VI - RESCISIÓN DO VINCULO COA AGRUPACIÓN

Art. 26.- A relación de colaboración voluntaria coa agrupación rematará por:

- Petición da persoa interesada
- Falecemento
- Declaración de incapacidade
- Solicitude de baixa temporal ou definitiva
- Perda dalgunha das condicións esixidas para poder ser voluntario/a.
- Quedar incurso/a en situación de inhabilitación para o exercicio de cargos públicos por sentenza firme

Art. 27.- Considerarase baixa temporal na AVPC a suspensión da actividade na mesma como consecuencia de sanción ou ausencia inferior a tres meses que teña motivos xustificadas que sexan comunicados oportunamente e por ausencia por traslado de domicilio temporal .

Art. 28.- Serán causa de baixa definitiva na agrupación as seguintes:

- A petición da persoa interesada
- Incomparecencia do voluntario por tempo superior a tres meses, sen causa xustificada, á actividade ordinaria ou especial que lle corresponda
- Incumprimento dos servizos mínimos esixidos
- Como consecuencia da comisión de falta considerada como moi grave de acordo co recollido no artigo 42, do apartado III deste regulamento

Art. 29.- Acordada a baixa seralle notificada á persoa interesada, garantíndolle o dereito de audiencia, e unha vez sexa feita efectiva o/a voluntario/a procederá á inmediata entrega da documentación de identidade, distintivo, uniformidade, equipo e material que lle fora adxudicado pola agrupación.

Art. 30.- En todo caso expedirase, a petición da persoa interesada, un certificado no que consten os servizos prestados na AVPC e a causa pola que acordou a baixa.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non estea previsto neste Regulamento aplicarase o vixente Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación de voluntarios, agrupación de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de Protección Civil de Galicia, a Lei 5/2007 do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, o Decreto 123/2014, do 18 de setembro, e supletoriamente a Lei 17/2015, de 9

de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil, os artigos 80, 81 e 92 da Lei 5/1997 do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, a Lei 17/2015, de 9 de xullo, a lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria, a Lei Orgánica 1/2002 do 22 de marzo reguladora do Dereito de Asociación e demais disposicións complementarias.

DISPOSICIÓNS FINAIS

1ª. Pola alcaldía, ou concellería delegada de protección civil, dítanse as instrucións e directrices que sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste Regulamento, en todo o relacionado cos plans e programas de protección civil municipal.

2ª. Estes Estatutos entrarán en vigor despois da súa aprobación definitiva e da preceptiva exposición pública a través da publicación do texto íntegro onde proceda.

Triacastela, 14 de abril de 2025.- A alcaldesa, M. Olga Iglesias Fontal.

R. 1043

O VALADOURO

Anuncio

O Pleno do Concello, na sesión extraordinaria celebrada o día 15 de abril de 2025, aprobou inicialmente o orzamento municipal para o exercicio 2025, bases de execución, cadro de persoal, retribucións e fontes de financiamento. Consorte ó establecido no artigo 169.1 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e demais disposicións concordantes, expónse ó público na Secretaría-Intervención deste Concello por prazo de 15 días – que se computarán dende o día seguintes ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo-, a efectos de que durante o mesmo se poida examinar o expediente polas persoas lexitimadas e formularen as reclamacións que se consideren oportunas, as cales deberán dirixirse ó Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación.

O Valadouro, 15 de abril de 2025.- O alcalde-presidente, José Manuel Lamela Piñeiro.

R. 1049

VIVEIRO

Anuncio

Aprobación dos padróns fiscais de Taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos sólidos urbanos e Canon de Auga (1º trimestre do exercicio 2025) e anuncios de cobranza.

Con data de 09 de abril de 2025 por resolución da Alcaldía procédese á aprobación dos seguintes padróns fiscais :

<u>Obxecto</u>	<u>Exercicio</u>	<u>Importe</u>
Prestación do servizo de recollida de lixos e residuos sólidos urbanos	1º Trimestre de 2025	330.771,56.-€
Canon auga (Xunta)	1º Trimestre de 2025	63.291,64- €

De conformidade co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, pola que se aproba a Lei Xeral Tributaria, ábrese un período de exposición pública por espazo de 15 días hábiles, para o seu exame por parte dos contribuíntes.

Finalizado o prazo de exposición pública, poderá interpoñerse o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo de un mes ante a Alcaldesa. Se o recurso non se resolve no prazo de un mes entenderase desestimado. Contra a resolución do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, de acordo co disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Contra a desestimación por silencio administrativo, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo será de seis meses.

Anuncios de cobranza :

De acordo co previsto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, indícase o seguinte en relación cos tributos anteriormente citados:

- 1) O prazo de ingreso no período voluntario dos recibos será desde o día 16 de abril ata o 16 de xuño do 2025, ambos inclusive.
- 2) Os contribuíntes poderán aboar os seus recibos en calquera oficina de Abanca, dentro do prazo sinalado e durante os días e horas hábiles de ingreso que tal entidade ten establecidos, presentando a comunicación que a tal efecto lles será remitida ao seu domicilio tributario. Os que non recibiran dita comunicación poderán contactar coa oficina de VIAQUA de Viveiro, onde se lles facilitará documentación para poder efectuar o pago nas oficinas de: ABANCA, SANTANDER, caixeiros automáticos CAIXABANK e na páxina web de Viaqua <https://www.viaqua.gal/pago-de-facturas> (CaixaBankNow).
- 3) Recórdase a conveniencia de facer uso da modalidade de domiciliación de pago de recibos a través de entidades bancarias e caixas de aforros, conforme as normas que sinala o artigo 38 do Regulamento Xeral de Recadación, e abvírtese que, transcorrido o prazo de ingreso sinalado anteriormente, iniciaráse o período de constrinximento de cobro, xerando os recargos sinalados nos artigos 28 e 161 da Lei 58/2003.

Viveiro, 10 de abril 2025.- A Alcaldesa, María Carmen Gueimunde González.

R. 1044

Anuncio

Conforme ao establecido no artigo 17 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que por acordo do Pleno do Concello de Viveiro, en sesión ordinaria celebrada o día 09 de abril de 2025, aprobouse provisionalmente a seguinte modificación:

- Modificación do Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Viveiro.

No taboleiro de anuncios do Excmo. Concello de Viveiro está exposto o acordo de aprobación provisional, quedando sometidos devanditos expedientes a información pública polo prazo de 30 días, contados desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións entenderanse aprobadas definitivamente.

Viveiro, 10 de abril 2025.- A Alcaldesa, María Carmen Gueimunde González.

R. 1045